

## **USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS PARA IMPARTIR UNHA MATERIA CONXUNTAMENTE COA UNIVERSIDADE DE MÁLAGA**

**Nome do profesor do coordinador: Rosalía Porto Vila**

### **Descrición dos materiais producidos**

- Material que precisan os alumnos para preparar a materia.
- Curso virtual.

### **Descrición das tarefas realizadas por cada membro**

- Tódolos membros do proxecto participaron na preparación do material.
- Do curso virtual encargouse a coordinadora do proxecto por ser a profesora da materia.

### **Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto**

O obxectivo do proxecto era impartir de xeito coordinado dúas materias que teñen un programa común: Modelos Matemáticos para a Economía da licenciatura en Economía da USC e Investigación Operativa da diplomatura en Ciencias Empresariais da Universidade de Málaga. Compre subliñar que, dado que a coincidencia do programa dábase no segundo cuatrimestre (a materia Investigación Operativa é cuatrimestral), este é o horizonte temporal no que se desenvolveu o proxecto.

A idea que orixinou este proxecto foi poñer a disposición dos alumnos a experiencia e o material de que dispoñían os profesores de ambas universidades. Ademais, pensábase que os alumnos das dúas materias podían poñerse en contacto entre eles, traballar conxuntamente e intercambiar dúbidas e opinións mediante os correspondentes cursos virtuais.

O método de traballo cos alumnos foi o seguinte:

- Dispoñían dun curso virtual como soporte á docencia presencial, no que tiñan o material preciso para preparar a materia, podían utilizar os foros para comunicarse entre eles e ca profesora e resolvían os exames de cada tema no período indicado pola profesora.
- A terceira parte da docencia impartíuse na aula de informática para que aprenderan o manexo do programa Maple.
- As clases presenciais na aula ordinaria serviron para discutir os aspectos máis salientables de cada tema e, despois da discusión, traballaban en grupo exemplos que ilustraran e axudaran a comprender os distintos conceptos.
- Optouse pola avaliación continua, potenciando e valorando a autoaprendizaxe e o traballo en equipo dos alumnos. Os alumnos dispoñían en todo momento, a través do curso virtual, das cualificacións obtidas nos traballos realizados.

É de destacar a axuda e os consellos dos profesores de Málaga que foi de gran utilidade xa que teñen máis experiencia na utilización destes métodos docentes porque levan varios anos aplicándoos.

### **Grao de cumprimento do plan de traballo**

A primeira parte levouse a cabo sen grandes problemas xa que os profesores nos coordinamos mediante o teléfono e o correo electrónico e compartimos o material que se puxo a disposición dos alumnos a través dos correspondentes cursos virtuais. A segunda non foi posible por razóns técnicas alleas á USC. A Universidade de Málaga comezou a implantar en tódolos centros a plataforma virtual que utilizaban os profesores cos que estábamos a traballar. Este proceso, que coincidiu cos meses de desenvolvemento do proxecto, impediu dar de alta ós alumnos da USC. Os alumnos utilizaron a plataforma virtual da súa Universidade e non as dúas como estaba previsto.

O plan de traballo, en canto á produción dos materiais, desenvolveuse na súa totalidade.

### **Valoración da experiencia**

Os resultados foron satisfactorios. Os alumnos opinan que, aínda que traballaron mais do habitual, tamén aprenderon mais. Mostráronse especialmente satisfeitos do traballo en grupo que lles permitía axudarse, resolver entre eles moitas das dúbidas que se lles presentaban e ver que os problemas de todos eran semellantes. Literalmente dicían que “é moito mais entretido traballar así e ademais apréndese”. Os alumnos que seguiron esta metodoloxía de traballo aprobaron todos e, a maioría, acadaron boas cualificacións.

A parte negativa é que de 25 alumnos matriculados, solo 12 seguiron a avaliación continua. Os restantes non viñeron á clase en todo o curso e unicamente unha alumna doutra facultade, que elixira a materia dentro da libre configuración, se presentou ó exame final.